

## RECOMENDACIÓNS DE ACTUACIÓNS NO VIÑEDO TRALOS INCENDIOS



Danos producidos nos viñedos con diferentes graos de intensidade

A Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) leva tempo advertindo dos efectos do quecemento global sobre o aumento dos incendios forestais e, de maneira particular, sobre a viticultura. O cambio climático constitúe unha seria ameaza, xa que as ondas de calor son cada vez máis intensas e frecuentes. Así se comprobou durante o verán de 2025 en Galicia, cando se rexistraron incendios especialmente virulentos que afectaron amplas zonas vitícolas, principalmente en Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, e en menor medida no Ribeiro. A única excepción foi a denominación de orixe Rías Baixas e as IXPs galegas, onde o viñado apenas sufriu danos.

Os danos provocados polo lume nas explotacións vitícolas maniféstanse directamente na queima do viñado, pero tamén afectan de maneira significativa á superficie do solo. A perda da vexetación herbácea incrementa o risco de erosión, especialmente en zonas con pendente ou con socalcos, onde o arrastre de sedimentos pode chegar aos ríos, favorecendo procesos de eutrofización das augas. Ademais, a queima da cuberta vexetal do solo provoca a perda de materia orgánica, de microorganismos e de pequenos invertebrados, o que repercute negativamente na biodiversidade do medio vitícola e da súa contorna.



## Medidas para mitigar o risco de perda de solo e a erosión en viñedos con pendente

As actuacións máis urxentes deben centrarse na máxima conservación posible do solo afectado polos incendios e na recuperación das súas propiedades, dependentes en gran medida do proceso de rexeneración da cuberta vexetal. Para iso, resulta prioritario evitar, en primeiro termo, as perdas de chan e nutrientes.

Nas **áreas máis susceptibles**, especialmente aquelas con pendente e socalcos, recoméndase aplicar un **acolchado de palla** antes de que aparezan as primeiras choivas. Esta medida evita que se produza o lavado de nutrientes da capa de cinzas e se acentúen os procesos de erosión.

O proceso de restauración das explotacións vitícolas iniciárase coa **implantación de vexetación herbácea**, mediante sementeira directa, sen preparación previa do terreo. Procurarase minimizar o movemento do chan, evitando o tránsito de maquinaria e calquera labor que implique remoción, co fin de preservar a estrutura superficial e reducir o risco de erosión.

Para a sementeira, recoméndase empregar unha mestura de gramíneas e leguminosas, cunha maior proporción das primeiras. Entre as gramíneas, poden empregarse entre outras *Lolium*, *Festuca*, *Brachypodium*, *Poa* ou *Hordeum*; e entre as leguminosas, *Medicago*, *Trifolium* ou *Vicia sativa*. O desenvolvemento destas especies contribuirá a fixar a capa de cinzas e os nutrientes, favorecer a formación da estrutura do solo e a rexeneración da microbiota edáfica, reducindo a acción erosiva do vento e, sobre todo, da choiva.

De maneira complementaria, para potenciar a recuperación microbiolóxica do solo, pódese considerar a aplicación de preparados de micorrizas, cianobacterias ou *Rhizobium*, que favorecen a actividade biolóxica e melloran a fertilidade do solo.

## Avaliación dos danos nas cepas e recomendacións prácticas para a súa recuperación

A continuación detállanse os diferentes graos de afectación das cepas pola acción do lume, así como as recomendacións prácticas para a súa recuperación, de menor a maior gravidade:

### 1. Cepas con pequenas queimaduras na vexetación foliar e estrés térmico (posible aproveitamento da colleita)

Unha vez realizada a vendima —sempre mediante **selección manual dos acios** menos afectados—, recoméndase aplicar abono foliar a base de aminoácidos e nutrientes minerais, co obxectivo de mellorar as reservas da planta e o seu vigor para a seguinte campaña. Tamén é conveniente aplicar un fitosanitario con acción contra o mildiu.

En adega, é necesario **controlar a calidade dos viños elaborados**, xa que a queima da vexetación provoca a emisión de gases (dióxido de nitróxeno, monóxido de carbono, entre outros), partículas de po e fenoles volátiles que poden ser absorbidos pola pel das uvas, dando lugar á formación de diglucósidos fenólicos. Estes compostos poden xerar, durante a fermentación, aromas a cinza, fume, plástico queimado ou notas medicinais, coñecido como o fenómeno do **“smoke taint”**, que enmascara a expresión frutal e achega amargor ao padal.

Para **mitigar** estes efectos, recoméndase:

- Elaborar a colleita por separado doutros viños da adega.
- En viños brancos, non macerar e prensar a uva enteira; en tintos, reducir o tempo de maceración.
- Empregar enzimas con actividade  $\beta$ -glucosidasa para liberar os fenoles e facilitar a súa eliminación.
- Aplicar carbóns adsorbentes e realizar flotación con clarificantes específicos de alta afinidade con fenoles.

- Procurar mostos con baixa turbidez.
- Durante a fermentación alcohólica, empregar cortizas de lévedo con boa capacidade de absorción.
- Se a percepción de notas afumadas é mínima, valorar o asemblaxe con outros viños non afectados, reducindo así o impacto sensorial final.

## **2. Cepas con queimaduras nas follas e parcialmente nos gomos do ano**

Recoméndase aplicar **abono foliar** con aminoácidos e nutrientes minerais sobre os rebrotes, co fin de mellorar as reservas da planta e o vigor da seguinte campaña. Tamén se recomenda aplicar un **fitosanitario contra o mildiu**, a doses equivalentes ás recomendadas para os primeiros estados fenolóxicos, dado que o viñado se atopa nun estadio similar.

## **3. Cepas cos gomos do ano queimados, pero con varas da poda maioritariamente vitais**

Debe **comprobarse o estado das varas** mediante cortes de tesoiras. Se se confirma que permanecen vitais, aplicar **abono foliar** con aminoácidos e nutrientes minerais cando os rebrotes acaden 5–10 cm de lonxitude, xunto coa **aplicación dun fitosanitario** contra o mildiu para protexer os rebrotes.

Durante **o inverno**, realizar unha **poda curta**, deixando unicamente as xemas basais (casqueras) dos novos brotes. Esta medida permitirá favorecer unha brotación equilibrada na seguinte campaña. A produción será reducida inicialmente, pero poderá recuperarse con normalidade na campaña seguinte.

#### **4. Cepas con varas do ano queimadas e parte da madeira de 2–3 anos afectada**

É recomendable **esperar á parada vexetativa** para realizar a **poda de rexuvenecemento**, eliminando a parte aérea da cepa ata alcanzar madeira completamente **sa**.

As cicatrices dos cortes deben ser tratadas con produtos protectores. Nesta situación, adoita conservarse a estrutura máis leñosa da planta, de onde brotarán xemas latentes da madeira vella na seguinte campaña. Xeralmente será preciso reformar a cepa, adaptándoa de novo ao sistema de condución ou deixándoa en forma libre.

#### **5. Cepas con parte do tronco queimado**

Tamén neste caso se debe **esperar á parada vexetativa** para realizar a **poda de rexuvenecemento**, cortando a madeira afectada ata a altura do tronco san, do mesmo modo que se procede ante enfermidades da madeira. Os cortes deben ser limpos, con lixeira inclinación para evitar a retención de humidade, e é preciso aplicar produtos seladores ou protectores sobre as feridas.

#### **6. Cepas co tronco totalmente queimado**

Cando o tronco está completamente danado, tanto na variedade coma no patrón (especialmente se o callo de enxerto non está enterrado), débese **eliminar a madeira queimada** durante o inverno, **cortando as cepas ao nivel do solo**. Na primavera seguinte, comprobarase a aparición de rebrotes, ben da variedade orixinal ou ben de porta-enxerto, nos cales será necesario realizar un novo enxerto coa variedade do viñado.

Tanto neste caso coma no anterior, a **recomendación xeral é tramitar o arranque do viñado afectado** e proceder a unha **nova plantación e reestruturación** da parcela.